



## **NOVIDADES**

**15/09/2016**

- **Publicación da relación definitiva de aspirantes excluídos, así como da orde de prelación e puntuación definitiva dos aspirantes admitidos na actualización de listas á data de 15 de outubro de 2015 (acollida á resolución do 12 de setembro de 2013; DOG de 23 de setembro de 2013), e relativa a dez categorías de persoal sanitario e de de xestión e servizos.**

Por Resolución do 12 de setembro de 2013 (*DOG do 23 de setembro*) regúlanse as bases do procedemento de actualización das listas de aspirantes a vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas á Consellería de Sanidade, prevéndose a súa rexeneración anual, respecto daquelas solicitudes de inscrición validadas á data de 15 de outubro de cada ano natural para determinadas categorías estatutarias sanitarias e de xestión e servizos.

Por tanto, e en cumprimento do establecido na disposición novena da devandita resolución, respecto da rexeneración de listas a 15 de outubro de 2015, procédese á publicación da relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con asignación aos primeiros da puntuación e orde de prelación definitiva alcanzada, respecto das listas das categorías estatutarias de Facultativo especialista de área en psicoloxía clínica, Farmacéutico/a de atención primaria, Médico/a especialista en medicina do traballo, Odontólogo/a de atención primaria, Médico/a asistencial do 061, Médico/a coordinador/a do 061, Fisioterapeuta, Logopeda, Terapeuta ocupacional e Traballador/a social. Lémbrese así mesmo, tal como determina a mesma disposición novena, que coa presente resolución procédese á estimación ou desestimación das reclamacións interpostas contra as listas provisionais aprobadas pola resolución do 31 de maio de 2016 (*DOG do 9 de xuño*).

As referidas listas entrarán en vigor con efectos do 16 de setembro de 2016, resultando de aplicación aos chamamentos que se efectúen a partir desta data as normas de xestión contidas no Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal aprobado por Resolución do 13 de xuño de 2016 (*DOG do 30 de xuño*), así como, de ser o caso, as correspondentes ao pacto aprobado por Resolución do 26 de abril de 2011 (*DOG do 9 de maio de 2011*).

Se non está de acordo coa causa ou causas de exclusión aplicada/s (da lista Xeral e/ou da lista de Promoción Profesional Temporal), ou de ser o caso, de haber desconformidade coa puntuación e/ou orde de prelación obtidas, poderá interpoñer os recursos administrativos e/ou xudiciais previstos na resolución que anuncia a publicación oficial das devanditas listas.

As novas solicitudes presentadas tras a data do 15/10/2015, así como as daqueles aspirantes que xa figuren na lista vixente e confirmasen cambios na nova solicitude con posterioridade á referida data, non figurarán nestas listas. Por tanto, a resolución da súa solicitude sairá na seguinte xeración que se formalice.

Na nosa páxina web, seguindo a ruta **EMPREGO PÚBLICO>LISTAXES DE CONTRATACIÓN>Novo Pacto sobre selección temporal**, pode consultar, por cada ámbito, as listas completas.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE

**Dirección Xeral de Recursos Humanos**

Calquera consulta poderá dirixila aos Centros de Xestión do Servizo Galego de Saúde ([http://www.sergas.es/docs/profesional/nuevo%20DIRECTORIO%20UNIDADES%20DE%20VALIDACIÓN%20\(03%2010%2012\).pdf](http://www.sergas.es/docs/profesional/nuevo%20DIRECTORIO%20UNIDADES%20DE%20VALIDACIÓN%20(03%2010%2012).pdf)) ou formular as súas preguntas ao "buzón novopacto": [novopacto@sergas.es](mailto:novopacto@sergas.es).



recursos.humanos@sergas.es  
www.sergas.es  
Tel. 881 542 800 - Fax 881 542 818  
Edificio Administrativo San Lázaro  
c.p. 15703 - Santiago de Compostela - A Coruña

galicia